



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Anécdota como xastre

Estabamos cosendo na Armada.

- A Armada é unha aldea que hai cerca de aquí.

Unha aldea. E entonces, el era algo duro da cabeza, aínda é hoxe, (risa) e mandámoslle planchar un pantalón. E púxose a planchar o pantalón e dígholle eu:

- “Ten coidado!”

Que antes non había planchas eléctricas eran todas de lume e así. E entonces púxose a planchar e anduvo así planchando por aquí e por alí. Pero descoidouse unha migha e cando levantou a plancha xa se agharrou o género á plancha.

- O sea, queimou o pantalón?

Queimou a parte de atrás, queimouna toda. Xa saleu agharrado o pantalón á plancha. (Risas) Díxenlle eu:

- “Mala centella te mate!”

Dixo:

- “E aghora? Destraghachelo pantalón do traxe... E que vamos facere?”

(Risa)

- “Aínda fora mellor que non naceras, oh. Aghora a ver como... Aquí nesta casa e que se entere a señora que queimaches o pantalón e que vamos facere.”

Pero despois cadrara ben porque aínda non fixeramos o chaleco e o género era color enteiro, tanto tiña que fora o través como o largho e do cacho que quedou abaixo do pantalón fixemos o chaleco. E despois co do chaleco botámoslle a...

- A parte queimada...

A parte queimada ao pantalón. Bueno, moita, moita rabia me deu. Porque claro, o traxe era de importancia.

- Era unha casa destes labradores bien, que...

Duns labradores bien apostos, dos máis apostos na aldea non había coma naquela casa. Díxenlle: “Aghora mala centella te mate”,

- Se lle caera a porta encima non se perdía nada (Risas)

Non se perdía nada. Porque se houbera un género sobrado ou houbera por aquí, pero o género era da Coruña. Se houbera por aquí pois comprábase que o xornal de quince días ben se iba. Porque daquela pois cando se ghanaban dúas pesetiñas era moito. (...)

Co género do chaleco, que o home non era moi grande, e o género era de dobre ancho, descollino así e o chaleco deu pra facela traseira do pantalón e parte da...